


TERRA DE OUTES 57

Xaneiro-Marzo 2022

1€



nestenº

A xurisdición de Muros (XX).
A empresa "Maderas Romero".
Viaxe literaria pola bisbarra.
Saudegalizando: "En pé".
Día da lectura: nacemento de Neira Vilas.
Actividades marítimas 2021.
Reloxos de sol en Outes (e III)
... e as nosas seccións habituais.



Entrevista a...
Raquel Maraño

Editorial

O PREZO DO LEITE

Hoxe en día xa non se ven as vacas turrando dos carnos polos camiños próximos á Serra, nin labregos apañando herba cos fouteiros e gadañas para o gando. Na actualidade é máis frecuente ver enormes máquinas agrícolas, de maior tamaño incluso ca un camión de tamaño mediano, circulando polas nosas estradas a rebordar de herba procedente de prados artificiais con destino ás numerosas explotacións leiteiras e algunhas cárnicas das terras altas do Freixo, Outes, Santo Ourente e, sobre todo, Valadares.

Subsistindo apenas dous serradoiros e tres estaleiros da numerosa cantidade que había daquela, cando en cada casa do noso concello había polo menos unha vaca, se non dúas, reducida á mínima expresión a actividade industrial e o sector servizos minguando a pasos acelerados, o resultado é que hoxe quedan aquí a metade dos habitantes daquel entón, ou sexa pouco máis de 6.000 dos 13.450 que vivían cando a principios do s. XX Ramón Artaza publicou o seu libro sobre a vila de Muros e o seu distrito.

A vida en Outes sobrevive grazas ao marisqueo, na beiramar, e a gandería nas terras do interior. Pero se ben o primeiro goza da xenerosa protección das autoridades autonómicas e municipais, a segunda parece sufrir a súa persecución. O campo queda abandonado á súa sorte ou, mellor dito, vendido aos intereses da industria láctea, que espreme ata a extenuación a produción leiteira galega.

Se teñen algún viso de verosimilitude as preocupacións comunitarias, estatais e autonómicas sobre o mantemento da poboación no rural, estas débense ver na aplicación enérxica das medidas aprobadas, pero nunca aplicadas, de pago do prezo do leite por riba do seu custo de produción.

A Xunta desiste de exercer as atribucións que o Estatuto de autonomía lle outorga no eido agrario, para dirixir o seu interese e favor ás empresas privadas do sector eólico, hidroeléctrico, sanitario, educativo e incluso das residencias de anciáns. E ás autoridades municipais de Outes parece que só lles interesa o mar e o turismo. Para cando o apoio aos nosos gandeiros e as súas case 2.000 vacas? *Para cando a necesaria implicación nunha plataforma comarcal e, se fixer falta, nacional para a defensa do sector lácteo?* Sequera un apoio público ás mobilizacións que os gandeiros están levando adiante por toda a Galiza para conseguir que as administracións impidan a venda a perdas e forzar a industria láctea a que repercuta nos produtores o prezo que os consumidores pagamos polo leite e este sector consiga sobrevivir.

Dicionario xeográfico Xoán Mariño

Catalunya. Lugar próximo á Catania do Freixo (ver revista anterior) desde onde se poden ver as unllas da manicura da Tania alí mencionada.

Connecticut. Estado dos EUA cuxo nome, formado por connect (conectar) e cut (cortar) significa corte de conexión ou desconectar, e puxéronllo porque foi o primeiro en romper a súa relación co imperio británico.

Friol. Concello de Lugo de onde son os frioleiros, xente que nunca, incluso no verán, ten calor.

Kaliningrado. Cidade rusa do mar Báltico fundada, nunha das súas numerosas viaxes, por Kalín, mozo de Sole Agra.

Logroño. Dise na Rioxa dos logros de pouca substancia.

Mauritania. País subsahariano que leva o nome dos seus fundadores: un tal Mauro e a Tania de antes.

República Democrática do Congo. País centroafricano onde os congros do seu río (únicos no mundo), ao que dan nome, elixen por votación libre e secreta os seus xefes e representantes.

Terremoto. Vibración da terra e o aire de gran intensidade provocada por unha moto de potente cilindrada ao circular a altas velocidades ou unha moto de pouca cilindrada co tubo de escape recortado.

Vermudas. Illas próximas ao Caribe onde a xente vai observar persoas que non din nin media palabra.

Volcán. Fisura na codia terrestre por onde sae a lava coa que os canarios fan as súas coladas pola suba dos prezos da electricidade.

Foto portada: A Ponte Nafonso a fins do século XIX

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño,

Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Outes

XII Muiñada: Pola recuperación da casa de Añón

Este pasado outono a nosa asociación organizaba a súa XII Muiñada, as tradicionais xornadas de exaltación do patrimonio cultural, nesta ocasión tivemos como foco a proposta de recuperación da casa natal de Francisco e Nicolasa Añón para levar a cabo un espazo museístico.

Como introdución e para servirnos de apoio metodolóxico, os días 28 e 29 de outubro, na Casa da Cultura da Serra de Outes, puidemos escoitar de primeira man a experiencia de destacados responsables dalgunhas das máis recoñecidas casas-museo de escritores galegos. Contamos así coa presenza de Anxo Angueira, Pepe Barro, Xosé Luís Axeitos e Alberte Ansedo, quen nos achegaron interesantes datos dos respectivos proxectos dedicados a Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Manoel Antonio, Manuel María...

Deste xeito, uns días máis tarde (6 de novembro) o noso secretario, Ramón Blanco, puido presentar publicamente, incrementadas con renovadas ideas, as propostas que xa lle ofreceramos ao Concello de Outes hai un par de anos para darlle destino cultural ao histórico edificio dos poetas de Boel. Por iso escollemos a propia horta da casa para levar a cabo o dito acto, unha xornada que tivo ademais o seu punto festivo, xa que estivo amenizada pola actuación musical, tradicional e festeira, do grupo outense A Tajea. Despois de destacar algúns vaivéns históricos que foron achegando ou afastando a posibilidade de adquisición e uso institucional da casa natal dos Añón, o secretario achegou as nosas propostas para unha futura casa-museo nese lugar:

- Exposición do fondo documental conservado de ámbos os poetas, solicitando a súa cesión á Real Academia Galega e á Fundación Penzol.
- Instalación dos paneis que forman parte da exposición sobre ambos elaborada á instancia do propio Concello e que formou parte dos actos do bicentenario do poeta.
- Presenza da extensa iconografía existente de Francisco Añón, incluído o gran retrato realizado por Alfonso Costa para o citado bicentenario.
- Exhibición do vídeo elaborado para o bicentenario do poeta e algún máis que se poida realizar.
- Proxección conceptual de imaxes e fragmentos textuais alusivos aos poetas.
- Audición permanente do disco adicado a Añón no 2012 e outras pezas musicais a partir da súa obra ou afíns á temática do museo.
- Unha lareira destinada a actividades de contacontos.
- Xestión de redes sociais e dunha páxina web (que permita visitas virtuais).
- O inicio dun percorrido literario, xa definido polo propio Concello no ano 2004.
- Acto de homenaxe aos Añón navegando en embarcacións tradicionais pola ría.
- Obradoiros de literatura popular.
- Obradoiros musicais e concertos, tamén ao aire libre (no espazo da horta).



Na súa disertación Ramón Blanco reflexionou sobre o aprendido nos debates das xornadas precedentes. O espazo da casa é a base do que queremos contar, e por iso non lle vemos sentido a unha simulación de vivenda decimonónica; ante a carencia de obxectos persoais dos poetas debemos tender máis a un espazo conceptual, a unha dialéctica constante entre a presenza e a ausencia deles. Mais o que parece unha eiva pode ser a oportunidade de reivindicar unha casa labrega que acolleu estes dous elevados espíritos, e forzosamente teremos que destacar os elementos que, de conservarse, a singularizarían: as cortes, a lareira (e a gramalleira), os faladoiros nas fiestras, a parra dando sombra na entrada... Como non pode ser menos, para levar a cabo o proxecto debemos ser fieis ao contorno, e para iso, como aprendemos, hai que ter en conta tres factores: o tipo de escritor, o tipo de casa e o tipo de comarca. **Outra finalidade básica sería a de dar un servizo público coa casa-museo, polo que serían imprescindibles as visitas escolares e outras formas de participación infantil e xuvenil a través de obradoiros e concursos. Só así se poderá manter un museo vivo.**

Tamén formulou algunha vía económica que podería explorarse para a recuperación da casa, a través dos fondos do Instituto Galego da Vivenda e o Solo destinados á rehabilitación de vivendas do rural prevista na Lei 1/2019, do 22 de abril, cuxo artigo 80 ("Convenios para a implantación de programas específicos de financiamento das actuacións") establece que o citado Instituto poderá asinar convenios de colaboración con outras administracións públicas, con outras entidades do sector público autonómico e con fundacións e entidades sen ánimo de lucro para a implantación conxunta de programas de financiamento das actuacións de reforma, mellora ou rehabilitación de edificios, vivendas e locais.

De por parte, o noso secretario expresou as posibles vías administrativas (por medio dunha fundación pública ou privada) para a recuperación e conversión en casa-museo, finalidade que agora mesmo pasa forzosamente pola súa adquisición por parte do Concello mediante a oportunidade que ofrece a devandita lei. Debemos batallar por este vello soño. Como nos dixo Alberte Ansedo: "A casa-museo é unha batalla pola memoria".

A xurisdición de Muros (XX)

Interrogatorio de Cando (V).

Preguntas 29 a 40

Xoán F. García

29.^a- **Á vixésimo novena**, que de todo canto contén só hai nesta freguesía unha taberna chamada de Bernardo, que arrendan os seus veciños en virtude do encabezamento e que actualmente se atopa en Juan de Mayo na cantidade de trescentos reais ao ano, que son para axuda de pagar os mesmos veciños os dereitos á S.M., e de satisfeita esta cantidade regúlanlle de utilidade cento cincuenta reais por mercador siseiro e por taberneiro que vende o viño por si oitenta reais. **Hai tamén nesta freguesía unha ponte que vulgarmente chaman de San Ildefonso, composta de vinte ollos dos cales corresponden á mesma freguesía doce e os oito restantes á freguesía de Santa María de Roo, xurisdición de San Xusto de Toxos Outos**, pero non ten dominio particular, portádego nin utilidade ningunha. Na freguesía das Maroñas hai unha taberna chamada das Maroñas que anualmente arrendan os veciños e no presente está en Manuel Rodríguez na cantidade de trescentos

arrendan os seus veciños, coma as demais, e corre actualmente a cargo de Alverto de Arcos, que a ten na cantidade de douscentos oitenta e cinco reais de billón que serven para axuda de pagar o mesmo encabezamento e de satisfeitos cúmprenlle unha utilidade anual de cen reais, e a María Pérez, a súa taberneira, oitenta; hai tamén na dita freguesía unha feira chamada das Carballiñas que, por conseguinte, arrendan os veciños en virtude do encabezamento que ten e actualmente tráena D. Joseph Taboada, veciño de San Pedro de Outes, na cantidade de setecentos reais, e de satisfeitos considéranlle de utilidade cen reais anualmente. E para maior verificación remítense ao asento da industria e lista formada que entregaron. E as casas das interesadas tabernas non son do común, senón de particulares, que as arrendan os seus donos para este fin, cuxo alugueiro vai regulado coas demais, e responden.



FOTO 1.- Imaxe dun rodeiro ou pesqueira no Tambre, empregado para a captura do que para moitos se trata do peixe máis antigo do planeta.

setenta e oito reais de billón e de satisfeitos considéranlle de utilidade cento cincuenta reais, e a Paula García, a súa taberneira, cen. Na de Fontecada hai outra taberna chamada Casa da Corna da Choupana, que corre a cargo de Joseph Blanco, veciño da freguesía de San Fins de Eirón, e tena na cantidade de douscentos vinte e cinco reais, e de satisfeitos considéranlle de utilidade cen, e a Thomasa Varreiro, a súa taberneira, cincuenta. E na de Santa María de Coiro hai tamén unha taberna chamada de Coiro e que

30.^a- **Á trixésima**, que en ningunha das ditas freguesías hai hospital ningún, e responden.

31.^a- **Á trixésimo primeira**, que tampouco non hai ningún cambiador, mercador por xunto nin cousa do que contén, e responden.

32.^a, 33.^a, 34.^a, 35.^a- **Á trixésimo segunda ata a trixésimo quinta inclusive**, que no punto do que cada unha contén, remítense á lista xurada que deron dos oficios, artes, facultades, e máis ocupacións servís e mecánicas, e considerando os labregos coma xornaleiros regulan a cada un por día dous reais de billón a seco (isto enténdese sen lles daren de xantar), e responden.

36.^a- **Á trixésimo sexta**, dixeron que no termo das mesmas freguesías non consideran haxa pobre ningún de solemnidade, e responden.

37.^a- **Á trixésimo sétima**, que nesta freguesía de Cando teñen Ignacio de Pedrosa e Joseph Lourido, mariñeiros matriculados, cada un a súa embarcación, propias deles mesmos, que lles serven para acarreto no mar, cuxa utilidade regulan a cada embarcación, por seren ambas menores, en douscentos cincuenta reais, e ademais do que os ditos donos gañan polo seu traballo de mariñeiros conforme a expresada lista que entregaron. **E ademais de todo isto atópanse no río Tamar e termo correspondente a esta freguesía de Cando quince pesqueiras de lampreas que posúen os que irán sinalados e os seus consortes, chamados: a de Mareas, de Francisco Buján; a de Santa María, de Juan Thome; a de Terniles, de Domingo de Nimo; a de Bellos, de Domingo Gorgal; a chamada Novo, de Leonardo de Mayo; a de Congo de Entraspedas, de Silvestre de**

Campos; a de Congos, de Bartholome Vázquez; a de Fitas, do mesmo Bartholome Vázquez; a de Boienla, de Tirso de Maio; a de Cabo, de Andrés de Froján; a de Pachán, de Gregorio Lourido; a de Canal, de Bernardo de Mayo; a de Brabaniño, de Rosendo Gorghal. Todas as cales traen os sobreditos e os seus consortes por foro do priorado de San Xusto de Toxos Outos, e este ten o servizo de escoller en cada unha delas a noite que lle pareza para armalas sen intervención dos foreiros e levar por enteiro as lampreas que se colleran no tempo da súa colleita cuxas noites ten arrendado o dito priorado aos expresados colonos en douscentos trinta reais cada ano. As chamadas Firbidoso e Queimado, de Ignacio Vázquez, que leva por foro do mesmo priorado, sen reserva de noite do señorío, e regulando a cada esqueira a utilidade que ten facendo a de cada foreiro en que non hai noite de señorío, de cen reais de billón anualmente, e nas que as hai, a sesenta. Un e outro para o foreiro, porque a utilidade do priorado redúcese á cantidade que percibe polo arrendo, como vai expresado, e responden.

38.^a - **Á trixésimo oitava**, que nesta freguesía de Cando hai os cregos seguintes: D. Domingo Blanco de Puga, cura dela; D. Francisco Bernardo Vázquez, D. Andrés Martínez, D. Benito de Bargo, D. Domingo Vázquez, presbíteros, e D. Manuel Vázquez, diácono. Na de Alvite D. Hilario de Lema y Suárez, cura; D. Alverto Peón e D. Pasqual Peón, presbíteros; na das Maroñas D. Alverto Abad e D. Alverto Rodríguez, presbíteros; na de Fontecada D. Diego de Fuentes, cura; D. Alverto Canzela e D. Rodrigo Peón, presbíteros; na de Torea, anexo de Santo Estevo de Abelleira, D. Pedro de Mayo, presbítero; na de San Fins de Eirón, D. Andrés Melchor Recarey, cura; D. Alverto Peón, D. Joseph Recarey, presbíteros; na de Alvorés D. Bernardo González de Neira, cura; D. Diego Pérez, D. Domingo de Outeiro, D. Juan Suárez e D. Roque Jazinto Da Silva, presbíteros; na de Chacín, D. Phelipe Coiradas, cura vicario, D. Juan Rodríguez e D. Roque García, presbíteros; na de Coiro, D. Domingo de Arestíño, cura; e na súa compañía dous sobriños seus, tamén presbíteros, e responden.

39.^a - **Á trixésimo novena**, que en ningunha das ditas freguesías hai convento ningún de ningún sexo, e responden.

40.^a - **Á cuadraxésima**, que non saben teña S.M. no termo leira nin renda que non corresponda ás xerais e provinciais, a excepción das reais devesas e plantíos que deron por lista na cal constarán,

e responden.


Co cal se deron por rematadas as Respostas Xerais ao Interrogatorio das freguesías de San Tirso de Cando, San Thome de Alvite, Santa Mariña das Maroñas, San Martiño de Fontecada, San Xián de Torea, San Fins de Eirón, San Mamede de Alborés, Santa Eulalia de Chacín e Santa María de Coiro, comprendidas nesta xurisdición de Muros, e tras poñerse en borrador, estendeuse e púxose en limpo, e leuse integralmente á dita Xustiza, mordomos



FOTO 2.- Detalle da pesqueira.

e peritos; que todos eles declararon estar ben e fielmente e ser verdade, sen ter que quitar nin engadir baixo o xuramento que fixeron, e polo máis apróbano, confirman e ratifican. Asinaron os que souberon, co Sr. subdelegado, menos os ditos curas, e polo que non o fai, ao seu rogo unha testemuña, de todo o cal eu, escribán, dou fe.

D. Cecilio Morphi, D. Francisco Alexandro de Silva, Joseph Antonio de Luazes Figueroa, Jacobo Cacheiro, Joseph Thome, Bartholomé de Ons, Alverto de Novío, Pedro García, Joseph Gonzalez, Caietano de Casais, Juan de Alvite, Domingo Rodríguez. Ao rogo os que non saben asinar, Luis Antonio Rodríguez. Ante min, Domingo Romero y Caamaño.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

A EMPRESA

"MADERAS ROMERO CAMBEIRO SL"

Mingucho Campos

Se se lles preguntase ós outenses que instalacións adicadas á transformación e comercialización da madeira recordan situadas en Espiñeiro, a resposta máis anotada, na miña opinión, sería: "a fábrica de Tomasiño" ou a "fábrica dos Tomasiños" e non só, precisamente, por se-la única que está en plena actividade actualmente, senón porque por esta denominación foi chamada ou nomeada a través do tempo e segue a ser denominada mesmo actualmente. Non obstante, o nome real da empresa é o que figura no encabezamento deste artigo. O porqué desta circunstancia ten doada explicación. Ó falecemento de Manuel Romero Sendón, fundador da fábrica, tivo lugar unha reconversión dela, pasando a ser xestionada a propiedade en forma de sociedade limitada polos irmáns Francisco, Benjamín e Manuel Romero Cambeiro, fillos os tres de Manuel Romero Sendón.

De onde procede, pois, a denominación "Tomasiño" Moi sinxelo. Era o alcume polo que eran coñecidos os familiares ascendentes de Manuel. O alcume da casa familiar impúxose na terminoloxía popular. Circunstancia esta para nada excepcional nos núcleos de poboación da Galicia rural e, xa que logo, tampouco en Outes.

Espiñeiro foi lugar de localización de empresas adicadas á compra, venda, transformación e comercialización de madeira e doutras actividades como a carpintaría de ribeira e a portuaria. Os nomes de Juan Mallo Tuñas, os de Ramón Sabín Nieto e de Salvador Alborés Riomao, que alugaron durante un tempo as instalacións propiedade de Juan Mallo, ficarán vencellados para sempre na memoria a Espiñeiro. Do mesmo xeito que os irmáns José e Segundo Gosende del Río, Teodoro e Severino Nieto Nieto, Manuel Romero Sendón e os tres fillos propietarios actuais da devandita fábrica. Igualmente Claudino Outón Muíños e Domingo González Molinos, ámbolos dous madeiros de Outes que se comprometeron por escrito asinado na vila de Noia o 06/01/1951 xunto con Juan Mallo Tuñas a sufragar-las gastos da construción dun embarcadero para uso exclusivo dos tres na marisma de Espiñeiro, "no sitio denominado Granxa", ó pagamento das compras necesarias para tal efecto, ós custos da súa legalización e a outras obras que máis adiante decidiran acometer. Espiñeiro, pertencente á parroquia de Tarás, foi un punto neuráxico da industria madeireira de Outes.

No ano 1965 Manuel Romero Sedón alugáralle a José Gosende del Río o serradoiro de Espiñeiro coñecido como a "fábrica de Segundo" - Segundo, quen, como xa queda dito, era irmán de José, coñecido popularmente por "Pepito de Espiñeiro"- e alí, xunto co seu fillo Francisco, desenvolven as actividades de compra, venda, transformación e comercialización de madeira en forma de táboas, de diverso grosor, lonxitude e largueza segundo as demandas que lles formulaban os clientes. **Os comezos non son doados, porén agroma a afouteza do empresario que non só é quen de mante-lo negocio e de facelo rendible senón que, así mesmo, busca medrar e procura facerse cunha empresa en propiedade.** Con este obxectivo "in mente" inician as compras



Foto 1. Serradoiro de Espiñeiro, erroneamente identificado co de Bocadroña na nosa revista nº 51

de terreos nos que erixi-las instalacións que bulen nos miolos e que logo se consolidarán en proxectos e finalmente en tanxible realidade. Decía Winston Churchill (1953): "Tódolos grandes imperios do futuro serán denantes imperios da mente". Aplicado ó ámbito que nos atinxe cómpre afirmar que a realidade presente responde ás ideas e proxectos do pasado. Obviamente non se creou un imperio, porén hai unha realidade teimuda e contumaz, que non é outra diferente da que nos amosan os tempos actuais: das numerosas instalacións madeireiras de antano hogano tan só sobreviven dúas a pleno rendemento dotadas de maquinaria moderna, de mellores instalacións fabrís e de servizos. "Maderas Romero Cambeiro, SL" é unha delas.

No ano 1977 principiouse a construción das novas instalacións. Para o traslado, ampliación e para poder por en funcionamento e a pleno rendemento estas precisábanse as correspondentes licenzas e estes trámites non resultaban fáciles por aquelas datas, amáis de supor un custo importante. A primeira licenza foille comprada á empresa Portals, de Esteiro. Posteriormente mercáranse outras máquinas a Claudino Outón, Gabino Coto e en Cuntis e Vegadeo. Finalmente, no ano 1979 estréanse as novas instalacións con cinco máquinas para o tratamento e transformación da madeira e ó mesmo tempo celébrase a inauguración do bar instalado na planta baixa da vivenda contigua á propia fábrica. Nos comezos a empresa tiña en nómina seis traballadores. Manuel Romero Sendón desenvolvía principalmente os labores de fragueiro, ou sexa da valoración e concertación da madeira no monte, mentres o fillo "Paco" ocupábase da xerencia, é dicir, da supervisión do funcionamento do aparello empresarial e do traballo dos operarios, elaboración de facturas, presupostos e xestiona-la listaxe de clientes, provedores e de produtos. O fornecemento da industria realizábase con medios de transporte propios e tamén por medios alleos á empresa, porque parte da madeira necesaria era mercada

a outros tratantes madeireiros e eran eles os encargados de servila nas propias instalacións dela.

O labor cotián dentro da fábrica foi sempre moi dinámico. No ano 2002 cambiouse a maquinaria, pero non foi este o único investimento importante realizado. Os tempos sempre cambiantes no sector madeireiro, do mesmo xeito que noutros sectores produtivos, obrigan a facer reformas para que os produtos elaborados teñan cada vez unha máis ampla e diversificada saída cara ós diferentes mercados de destino e a funcionalidade que estes demandan. Se nun tempo se priorizaba a fabricación de caixas para a embalaxe de latas de conserva, froitas, viños e incluso para o peixe, no transcurso do tempo outras prioridades e tamén necesidades, coma a fabricación de *palets*, fóronse impondo no traballo cotián do serradoiro. Este cúmulo de circunstancias non pasan desapercibidas ós irmáns Romero Cambeiro, por eso deciden acometer no ano 2018 unha nova renovación que vai supoñer un importante investimento. Para poder dispor de servizos propios para pesa-la madeira deciden instalar unha báscula e a construción dunha instalación destinada ó tratamento da madeira xa traballada e ó seu secado.

Os puntos de destino dos produtos elaborados na fábrica esténdense por toda a xeografía peninsular. Citaremos ó respecto os seguintes: Madrid, Tarragona, Murcia, ás Canarias, Valencia, Alacante e Barcelona... O traslado ós distintos centros de destino faise por estrada, agás os dirixidos, claro está, ás Canarias, en trailers, camións de gran tonelaxe provistos de remolque. Estes camións completan a ruta cargados cando veñen con outras mercadorías e ó regreso transportan as madeiras fabricadas na empresa de Espiñeiro. Isto non significa de ningún modo que a empresa careza de medios de transporte propios e apropiados para o seu servizo. Proba diso é que pola estrada de Outes a Noia é moi frecuente ver circular un camión articulado da empresa e outros medios de transporte como tractores, etc.

O volume de consumo de madeira que a fábrica precisa normalmente durante un ano para o desenvolvemento correcto da súa actividade podémolo cifrar en 14.000 toneladas, cunha produción media de 27 metros cúbicos diarios e dun cadro de persoal ó seu servizo que na actualidade é de 15 persoas. O dinamismo empresarial que se desprende de todo o exposto require dun xerente, Paco Romero, eficiente, con amplos e



Foto 3. Paco Romero, xerente da empresa

variados contactos a nivel sectorial, de activa presenza en asociacións sectoriais; en definitiva, unha persoa cunha ampla experiencia na xestión, dirección e con amplitude de miras. Como sinais que adornan un empresario citaría a confianza en si mesmo, no seu equipo e nos seus proxectos; folgos para perseguir un soño sen reparar no prezo; ser persistente; saber calcula-lo risco e saber valora-la produtividade. Ademais o bo empresario ten unha alta consideración dos seus clientes, porque son a súa principal fonte de ingresos. Sen empresa, sen clientes e operarios fiables non hai negocio! Todo bo empresario valorará sempre moito as fontes de vendas e beneficios. Constitúen a parte máis importante desta e, ademais, ten moi clara a súa axenda e o que facer en cada momento. Ó lector compételle valora-la xerencia de Francisco Romero Cambeiro -"Paco Romero"- na empresa "Maderas Romero Cambeiro, SL". O autor xa fixo esta valoración e o resultado dela mesma foi moi positivo.

Por último coido que resulta importante facer referencia a unha parte especial da maquinaria que o autor viu nunha das súas visitas ás instalacións: o tándem de catro serras e astilladora. Esta maquinaria actual sorprendeulle enormemente ó autor, acostumado, de neno, a ver outros serradoiros, entre eles o do avó, funcionando con outro tipo de aparellos. Sen dúbida a roda dentada do tempo fai muda-las circunstancias, os empresarios actualízanse e a maquinaria modernízase, mais comprobar in situ o funcionamento da moderna maquinaria desta senlleira empresa outense, como sempre por xentileza de "Paco", resulta moi gratificante. Na miña opinión, o éxito empresarial é obvio e moi beneficioso para Outes.



Foto 2. fábrica de Espiñeiro na actualidade

EN PÉ!

Dr. Xosé M^a Dios Diz

“O que máis indigna ó charlatán é alguén silencioso e digno.”

Juan Ramón Jiménez

O sistema sanitario na Galiza leva anos en continua deterioración. A xente que habitualmente utilizámo-los servizos públicos de asistencia temos unha perspectiva diferente de como funciona o servizo da que manifesta reiteradamente a Administración sanitaria. Se a cualificación que a xente fai cando se lle pregunta pola calidade recibida nos centros sanitarios non baixa do 7,5 sobre 10, a pregunta que nos facemos é por que non se pregunta, algunha vez, pola xestión dos ditos servizos. Seguro que a nota non é a mesma (nin parecida). A sanidade real é algo que se sabe como funciona cando se usa o servizo e que pasa desapercibida se estamos lonxe de utilizalo. O Sr. Feijóo, que é un experto na manipulación a través dos seus medios de comunicación (especialmente a RTVG ou TeleFeijóo), ten a sociedade nun limbo con respecto a este servizo, que leva a que moita xente, se non precisa utilizalo, pense que todo está ben (“Galiza no país das marabillas”). Pero non é así...

O 14/11/21 milleiros de persoas saímos á rúa en Compostela para dicirlle a Feijóo que **“a política sanitaria do PP, e en concreto no que respecta á A.P., sofre un proceso de desmantelamento e de recortes que está levando á deterioración da sanidade pública, con consecuencias nefastas para a poboación: listas de agarda interminables, comorbilidade por falta de prevención de diferentes enfermidades, angurias nas consultas pola masificación, a non substitución dxs compañeirxs etc. que leva á deterioración da A.P.”**. Dixémoslle alto e claro: **“SALVÉMO-LA A.P.”**.

Berramos: “Así, así, nin un paso atrás, a Atención Primaria ímola gañar”. Se o sistema sanitario en xeral está mal, a A.P. en particular está moito peor. No ano 2022 vanse investir 1.389 millóns de euros na A.P. e en 2021 investíronse 1.301, pero con respecto a 2009 (ano en que Feijóo chega ó Goberno da Xunta) investiu 1.436 millóns (e coa que está caendo coa pandemia): 47 millóns menos (e son datos da propia Xunta). Como se pode explicar que, precisando moitos máis recursos, se dedique menos ó primeiro

nivel asistencial, sendo o lugar por onde pasan TÓDALAS persoas?

Berramos: “Menos agasallos e máis dereitos conquistados”. O Sr. Feijóo é capaz de conceder “medallas” xs sanitarixs e non é capaz de devolvérlle-los salarios roubados e os días de libre disposición autonómicos que lles quitou durante as súas lexislaturas (eran tres días...e coa condición de recuperalos...vaiteis, vaiteis...).

Berramos: “Feijóo escoita, a Sanidade está en loita”, e é certo. 12 anos de gobernos do PP (con 4 conselleirxs da Sanidade) e a falta de recursos, así como a política de non reposición dxs profesionais, é xa INAGUANTABLE. A “pretensión de aforrar” (na saúde, que é o ben máis prezado que temos) leva implícita unha perda de calidade na atención que

sofren xs cidadáns/ás... pero gastan 738.543 euros en “capeláns nos hospitais” (equivalente a 13 médicxs de familia). Antes desta manifestación masiva tivémo-la de Vigo, e antes en Compostela, e antes outras dúas en Vigo. Está claro que as reivindicacións que formula a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galiza teñen unha constante: “denuncia-la deterioración e abandono por parte de Feijóo da sanidade pública”.



Berramos: “Goberne quen governe, a Sanidade non se vende, deféndese”. Por suposto. **Se xs administradorxs do sistema sanitario non son capaces de resolve-lo día a día da sanidade real, deben deixar paso a persoas máis competentes e que teñan a súa atención nos servizos públicos como prioridade.** A saúde é o máis importante dunha persoa. Xs cidadáns/ás pagamos moitos cartos para que o día de mañá teñamos unhas pensións e unha atención, ó final da vida, dignas. Se isto non o pode asegurar-la Administración Pública, TEMOS QUE CAMBIALA!

Berramos: “Máis persoal nos centros de saúde”. Di Feijóo que “non temos médicxs...e que isto sucede en outras cc.aa. e noutros países” (non se consola quen non quere), pero nós dicímoslle: por que non substitúe a enfermaría, xs traballadorxs sociais, xs odontólogos, xs psicólogos, xs p.s.x.? Temos profesionais, e moi bo(a)s, o que non hai é quen traballe por soldos de miseria e en

precario (úsanxs como Cleenex) e, así, buscan a vida en lugares que prestixien a profesión que tanto custa sacar e onde poidan ter salarios dignos e estabilidade.

Berramos: “Non, non, non, á privatización”. A deterioración dos servizos públicos con falta de investimento orzamentario e persoal leva á deterioración da A.P. e a xente vaise, moitas veces, ó sector privado, algo que a estes lles é moi rendible, cando é a Administración a que si ten cartos para investir nos concertos e non os usa nos seus servizos públicos. E tamén berramos “a privatización é corrupción”, algo que sabe moi ben o PP: o partido máis corrupto de Europa e condenado por iso.

Berramos: “Sanidade pública e gratuíta”. Seguimos pagando por servizos que antes eran gratuítos; menciñas, transporte sanitario, teléfonos de cita previa, derivacións á asistencia privada por falta de atención na pública etc.

Berramos: “Na sanidade pública non somos de segunda”. **Temos un sistema sanitario público na Galiza dos mellores do mundo. Profesionais dxs mellores do mundo e uns/has administradorxs,**

xs peores do mundo. Así non se pode dar unha asistencia de calidade e as consecuencias son unha peor atención.

Sempre se fala do Sr. Feijóo como “un bo xestor”. Nós non o consideramos así. Un exemplo claro é a débeda pública da Galiza, que non deixou de medrar dende que tomou o poder no ano 2009. Se en 2008 se situaba en 3.954 millóns de euros, cunha carga para cada galego de 1.429 euros, en 2021 chega a 12.207 millóns de euros, sendo 3.680 euros por habitante da Galiza. Estes datos son dados polo propio Goberno de Feijóo e indican que os seus gobernos xeraron unha débeda de 7.760 millóns de euros. Se o orzamento anual é de 11.000 millóns de euros, a pregunta do millón é: a onde van os cartos? Quen é responsable de que o máis importante dunha persoa, tanto na enfermidade coma na velez, que é a súa saúde, non esté atendida de forma correcta?

A dignidade da xente que saíu á rúa contrasta coas mentiras e falacias que nos din dende un Goberno esgotado. Os “seus medios de comunicación” (que acaban de conseguir moitos cartos de Feijóo) silencian e amordazan a realidade dunha SANIDADE PÚBLICA EN PERIGO.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanería
e Cantería**

Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/



Actividades Marítimas 2021

M. Carmen Cierto Castaño e Juan Padín

Este ano ía ter lugar o XV Encontro de Embarcacións Tradicionais en Moaña do 5 ao 8 de agosto, tiñamos toda a ilusión do mundo, lixamos, pintamos e preparamos as embarcacións, a buceta Támara e o bote Langaño coa colaboración dos socios e socias; deseñamos e encargamos camisetas e casacas corporativas, cos logos de Terra de Outes e do Concello, que as subvencionou, para asistir ao evento que, ao fin e ao cabo, é un dos nosos grandes obxectivos bianuais, dentro do que conforma Culturmar, pero que finalmente foi suspendido por mor da Covid-19.

Así mesmo, seguimos **colaborando coas nosas embarcacións nas navegacións con escolares na actividade Xogando co vento do programa Xogade (Xogos galegos deportivos en idade escolar) da Secretaría Xeral para o Deporte, organizada polo Centro Náutico do Freixo e o Real Club Náutico de Portosín coa finalidade de achegar os escolares ao mar, empregando o mar, o vento e a vela como instrumentos de xogo para traballar contidos transversais e fomentar a actividade física na súa vida cotiá.** Esta actividade está cuberta cun seguro de accidentes gratuito tanto para os rapaces e rapazas coma para os monitores que acompañan os participantes.

A actividade pola nosa parte contou con catro patróns e tres embarcacións, e co apoio do técnico do Centro Náutico Alex Pombo con máis de 150 alumnos anotados procedentes dos CPI e IES detallados a continuación:

- **Lousame:** CPI Plurilingüe Cernadas de Castro, 14 de xuño: 27 participantes.
- **Roxos:** CEIP de Roxos, 16 de xuño: 18 participantes.
- **Porto do Son:** CEIP de Portosín, 18 de xuño: 19 participantes.
- **Noia:** CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso, 21 de xuño: 27 participantes.
- **Muros:** IES Plurilingüe Fontexería, 22 de xuño: 32 participantes.
- **Outes:** CEIP Plurilingüe A Serra de Outes, 26 e 28 de xuño: 32 participantes.

Este ano tamén continuamos coas actividades didácticas que inclúen as navegacións con profesores de centros escolares da zona co obxectivo de que nun futuro non moi afastado eles mesmos poidan impartir e axudar neste tipo de xornadas, á parte do que supón para a divulgación das nosas actividades entre os centros educativos da bisbarra.

Ademais, o 24 de xullo unímonos á novena edición da **Inchadiña Branca Vela**, coma en anos anteriores, coa buceta Támara. O percorrido comezou na praia fluvial de Vilarello en Cordeiro (Valga) e rematou en Padrón, onde se lle rendeu unha calorosa homenaxe a Rosalía de Castro, diante da súa estatua no esporón. A Inchadiña comezouse a realizar no 2013 para conmemorar



Foto 1. Navegando con escolares

o 150 aniversario da publicación de '*Cantares gallegos*', xurdiu como iniciativa das xentes da cultura marítima para honrar a Rosalía de Castro que no citado poemario mencionaba as dornas que navegaban naquela altura polo Ulla e o Sar, está organizada pola Fundación Rosalía de Castro e a A.C. Dorna da Arousa coa colaboración dos concellos de Padrón, de Dodro e de Valga. *Que inchadiña branca vela antre os millos corre soa, misteriosa pura estrela! Dille o vento en torno dela: "Palomiña, voa!, voa!"* (Cantares Gallegos, 1863). Tivemos que ter en conta a subida da marea, pois iamos navegando por un leito estreito flanqueado



Foto 2. Itinerario da Inchadiña cara a Padrón

polas brañas de Laiño, onde as canas zoaban ao son do vento do nordés e das gaitas. A compañía de multitude de embarcacións,



Foto 3. A frota da Inchadiña remontando o Sar

as subidas e baixadas do mastro para superar as pontes do Sar só nos fixeron disfrutar máis desta pequena pero gran navegación que nos deixa outra experiencia moi satisfactoria e que cada ano colle máis forza.

Tamén participamos nas actividades paralelas da IV Mostra Internacional de Cinema Documental Mares da Fin do Mundo, realizado do 29 de outubro ao 1 de novembro en Outes. As actividades de Culturmar nas cales estivemos presentes consistiron en navegacións acompañando o balandro Joaquín Vieta e en visitas guiadas aos participantes explicando as características específicas, tipos de velas e uso dos diferentes tipos de embarcacións e en visitas á exposición “Que embarcación é?” instalada no Centro Náutico

do Freixo pola Asociación Mar de Muros, que fai un percorrido didáctico polas distintas tipoloxías das embarcacións tradicionais galegas. (Foto 4. Coa directora Mathilde Jounot).

O 12 e o 14 de novembro nove socios asistiron ao Curso de mantemento de embarcacións tradicionais, actividade concedida por Culturmar, Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, que proporcionou como mestre a Santi, do Centro de Formación A Aixola e que se desprazou á carpintería de Suso en San Cosme, que non só nos ofreceu as súas instalacións senón que estivo alí facilitándonos a ferramenta máis axeitada e botándonos unha man para o seu correcto uso. Esta formación despertou unha gran curiosidade e interese nos socios e cremos que resultou de gran proveito a pesar da súa brevidade. Neste curso aprendemos a “escalación” e a realización de padróns para a reparación de táboas nas embarcacións e tamén como reparar unha noz nun mastro, á parte de resolvemos moitas dúbidas que tiñamos para facer pequenos arranxos.

A continuación mencionamos brevemente o resto das actividades que se realizaron: en marzo remontouse o río Tins ata O Conchido, reparáronse a buceta Donas e a dorna Albán que foron doadas hai uns anos e estaban en moi mal estado. En agosto navegamos con compañeiros da Clásica de Vela de Murcia que nos devolveron a visita, en outubro asistimos ás XI Xornadas de construción naval en madeira, realizadas no Centro Náutico do Freixo e organizadas por Agalcari (Asociación galega de carpintería de ribeira). Tamén se mercou unha bomba de achicar e establecéronse quendas dentro da Comisión mariñeira para o mantemento das embarcacións nos meses de inverno. Desde aquí queremos agradecer a todos os socios e socias a súa implicación, participación, entusiasmo e axuda para levar adiante todas estas actividades, e agradecer tamén a Alex Pombo, a Suso da carpintería de San Cosme e ao Concello de Outes o seu apoio.

Foto 4. Mathilde Jounot a bordo do Támara.



Entrevista a...

Raquel Marañón Gómez

A Raquel Marañón Gómez xa a entrevistamos hai dez anos para a nosa revista (ver *Terra de Outes* nº. 13). Daquela era letrada nas Cortes Xerais do Estado e xa formaba parte da Comisión de Cambio Climático, polo que acudiu acompañando á entón ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a galega Elena Espinosa, aos cumios internacionais de Poznan (Polonia) no 2008 e Copenhague (Dinamarca) no 2010, rematados ambos sen grandes acordos e incluso considerados como un fracaso polo presidente do Consello Europeo, o belga Herman Van Rompuy. Por terceira vez estivo presente nunha nova Conferencia das Nacións Unidas sobre Cambio Climático, a COP26, realizada do 31 de outubro ao 12 de novembro de 2021 en Glasgow (Reino Unido), á que acudiron os xefes de Estado de 197 países, xunto con varios expertos e activistas en cambio climático co propósito de acelerar a acción sobre o Acordo de París e establecer os novos obxectivos climáticos para os próximos anos..

Primeiramente fálanos do teu traballo no Senado.

Na actualidade son directora de Presupostos e Contratación da Cámara Alta, polo tanto ocúpome, coa xente que teño ao meu cargo, da elaboración dos anteproxectos de orzamento da cámara, que ascende a case 61 millóns de euros e da súa liquidación. Proximamente, en condición de letrada da

comisión, levarei a tramitación da nova Lei de residuos que está agora en fase de emenda no Congreso. E tamén teño ao meu cargo unha parte que me encanta: a dirección do Departamento do Patrimonio Histórico-Artístico, que inclúe as relacións cos museos do Prado e Reina Sofía.

E que relación hai entre o Senado e eses museos?

Temos moitos fondos deles colgando das nosas paredes; o Senado é un museo de verdade que convido todo mundo a visitar. Logo tamén, mediante convenio, ambos nos asesoran sobre restauración dos nosos propios fondos.

Cóntanos agora, en calidade de que acudiches a este novo cumio do clima?

Tamén son a letrada da Comisión de Transición Ecolóxica, polo que acompañei unha delegación da Cámara Alta composta por catro senadores (Maribel Duque Moreno e Manuel Miranda Martínez, do PSOE; Vicente Martínez Mus, do PP; e Idurre Bidaguren Gabantxo, de EH Bildu) á Conferencia das Partes de Nacións Unidas que tivo lugar o pasado mes de novembro baixo a presidencia británica en Glasgow (Escocia). É a cita anual de referencia en materia de loita contra o cambio climático.

Entón, non houbo representación do Goberno español?

Si, claro: a ministra de Transición Enerxética e vicepresidenta terceira do Goberno, Teresa Ribera. E tamén asistiu unha delegación do Congreso formada por: López Uralde, de Podemos; Guillermo Mariscal, do PP; Joan Capdevila, de Esquerra; e María Carmen Martínez Granados, de Ciudadanos. Pero as delegacións, como non pode ser doutra maneira, son independentes, pola separación de poderes establecida na Constitución e a autonomía da Cámara Alta respecto á Baixa, aínda que logo esteamos xuntos. E,

finalmente, xa para a clausura, acudiu o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, que reclamou unha maior ambición de todos os países no cumprimento dos obxectivos do cambio climático e especialmente en materia de financiamento. O seu compromiso foi aumentar o financiamento de España nun 50% ata chegar aos 1.350 millóns de euros anuais a partir de 2025. Tamén amosou a necesidade de seguir avanzando na descarbonización, a protección da biodiversidade, a preservación dos océanos e a Antártida e a aposta polas enerxías renovables.

Intríganos saber a postura do senador do PP na conferencia, toda vez que algún dos seus



Coa ministra de Transición Enerxética Teresa Ribera (de costas), unha das autoridades ás que a presidencia británica encargou a dirección de grupos de traballo

líderes, como Rajoy, son negacionistas do cambio climático e Casado se manifestou hai pouco contra a descarbonización.

Pode que algún negue o cambio climático publicamente ou se manifeste contra a descarbonización nalgún mitin, pero no Parlamento español non existen posicións negacionistas. Pode haber diferentes opinións sobre as solucións ou remedios pero non na necesidade de intervir e favorecer unha transición ecolóxica que garanta a sostibilidade. Por ser xustos no grupo do PP no Senado non teñen posicións en contra da transición, senón que participan activamente, en pé de igualdade cos demais, nas propostas.

E en que consistiu o teu labor en Glasgow?

Como letrada da Comisión, participei nas reunións realizando labores de asesoramento xurídico á delegación e realizando as actas.

Para ti, cal é o resultado desta COP 26?

En primeiro lugar teño que salientar o acordo polo que esta Conferencia, na que tiven o honor de participar, insta os países desenvolvidos a incrementar os fondos a países en desenvolvemento para a adaptación ao cambio climático e a avanzar na descarbonización e promover as enerxías limpas. En segundo lugar, non menos importante, o acordo de líderes de máis de cen países para frear a deforestación, que é importantísimo, pois as árbores absorben grandes cantidades de dióxido de carbono e tamén son fundamentais na redución do gas metano, que é altamente contaminante.

Por último, e para min fundamental, nunha declaración conxunta Estados Unidos e a China, os grandes contaminantes do planeta, comprometéronse a avanzar en medidas de redución de emisións de metano, transición a enerxías limpas e descarbonización. Sen as contribucións destes países faise moi difícil, se non imposible, conseguir o obxectivo de manter o incremento da temperatura por debaixo dos 1,5 graos.

Porén, nas rúas de Glasgow houbo todos os días protestas que calificaban a Conferencia como outra oportunidade perdida.

Os activistas polo clima sempre lle van pedir aos gobernos maior ambición. É lexítimo, é o seu papel, mais a ninguén se lle escapa a dificultade de xuntar tantos intereses de países tan distintos no seu grao de desenvolvemento coma outras cuestións. Por iso o máis importante é seguir avanzando cara ao obxectivo sen descolgarse e sen deixar que ninguén se descolgue aínda que iso supoña ás veces ir un pouco máis lentos.

Para finalizar, hai 10 anos desenvolvías o teu labor cambiando os cueiros do teu terceiro fillo. Vemos que iso non che impediu seguir facendo carreira profesional.

Agora son xa nai de cinco fillos e quero que se saiba porque penso que isto fai pedagogía, a maternidade haina que visibilizar.

Non podemos rematar sen expresar a nosa admiración non só pola súa capacidade e intelixencia, senón tamén pola súa valentía e exemplaridade.

COIDADADO DO PLANETA ENTRE TODOS

Ata aquí os acordos gobernamentais que serán avaliados o ano próximo en Exipto. Toca agora que, como cidadáns, formulemos que podemos facer no noso día a día polo planeta.

Aí van unhas pistas sinxelas: reducir o consumo de enerxía, especialmente a máis contaminante, non collendo o coche se non é imprescindible ou optando por medios de transporte non contaminantes ou colectivos. Buscar a eficiencia enerxética da nosa vivenda e apostar polas enerxías limpas sempre que sexa posible.

Evitar ou reducir o uso de plásticos dun só uso. Usar bolsas reutilizables. Reutilizar, darlle unha segunda vida ao que non usamos. Evitar xerar residuos como primeira medida. Reciclar todo o posible. Separando cartón, vidro e plástico pero sen esquecer outros materiais igualmente contaminantes, como aceite usados, pilas, lámpadas ou medicamentos caducados.

Manter o noso contorno limpo. Iso que, con total desacerto, algunha persoa chamou a “Galicia Profunda” forma parte do que é ao meu xuízo “a España imprescindible”, unha reserva de calidade de vida respectuosa co planeta, por iso temos o especial deber de coidala.

Respecto ao aforro enerxético, que opinión che merece a inauguración o pasado novembro por parte do alcalde de Vigo dos 11 millóns de luces que compoñían o alumeamento do Nadal?

É difícil dar unha resposta obxectiva sen caer na demagogia. Pode ser que todo o festival de luces do Nadal teña unha importante repercusión económica na cidade e descoñezoo o tipo de luces que utilizan, aínda que supoño que serán led e con baixo custo, pero evidentemente o gasto será avultado. Son os vigueses os que teñen que dicir se o custo e o beneficio que obteñen é razoable, equilibrado.

Se me preguntas persoalmente, eu non o faría, como non o fago na miña casa. Encántame o Nadal e todos os seus elementos decorativos pero non por iso encho a casa de luces, pódese acadar ese espírito do Nadal sen tanto artificio.



Reloxos de sol en Outes (eIII)

Xosé Enrique Pujales Martínez, Antonio J. Cañones Aguilar e José M. Yáñez Rodríguez

Rematamos esta serie de artigos sobre os reloxo de sol en Outes, despois de estudar en entregas anteriores as características da tipoloxía e da forma, analizando agora outras que están influídas polo seu estado de conservación. E finalizamos incluíndo algunhas reflexións sobre o que poderíamos facer para a protección e a rehabilitación deste patrimonio histórico-artístico.

DECORACIÓN, INSCRICIÓN E DATAS

Os reloxo solares de Outes están, en xeral, nun estado de deterioración tal (podemos incluír nun estado de conservación malo ou en perigo de desaparición a 18 dos 26 reloxo do municipio) que os elementos decorativos son moi difíciles de distinguir por ser moi tenues ou imposíbeis de apreciar e nalgúns casos temos que supoñelos.

Falemos en primeiro lugar das inscricións: na parte superior do reloxo da capela da Nosa Señora do Carme en Cando¹ aprécianse as iniciais AMP ("Ave María Purísima"). No xa reproducido de Alberto Sacido² en Tarás podemos ler "Ribadafonte". E no da casa de Abel [imaxe 21], en San Pedro de Outes, distínguese un círculo (solar?) do cal saen tres raios cara á dereita e á esquerda e sobre el tres letras (DCO?).

No referente aos símbolos é relativamente frecuente en Galicia o recurso a incluír flores de seis pétalos. E Outes non queda á marxe, tamén fan acto de presenza (nalgúns casos só se adiviñan). Están nos reloxo dos hórreos de Armán no Freixo, xa reproducido³, nos de Antonio Cuns e Manuel Priegue [imaxe 22], ámbolos dous en Santo Ourente de Entíns, e quizais no de Braulo en Valadares.



Imaxe 21. Reloxo da casa de Abel (realizada por Xoán Mariño)

Os dous últimos reloxo mencionados presentan tamén outra peculiaridade: están datados. No libro dos reloxo de sol da provincia da Coruña recolléronse 587 exemplares (no momento en que escribimos este artigo sobrepasamos os 800) dos cales 92 estaban datados (un 15,7%). Pois ben, en Outes, dos 26 reloxo actualmente coñecidos, 4 están datados (un 15,4%). Son os da igrexa de San Miguel de Valadares (hoxe a data xa é indistinguíbel), o da casa do Relo en Valadares (1901) e os dos hórreos xa mencionados de Manuel Priegue (1875) [imaxe 22] e de Braulo en Valadares (1920) [imaxe 23].



Imaxe 22. Hexafolia no reloxo do hórreo de Manuel Priegue



Imaxe 23. Reloxo datado (1920) do hórreo de Braulo

GNOMON

Xa mencionamos o destacado papel dos canteiros e dos arquitectos na creación de reloxo solares. Pero na súa construción tamén interveñen os ferreiros, que fabrican os gnomos e as ancoraxes para suxeitalos (aínda que hai algún tipo de reloxo -como algún dos polares, que por non necesitar gnomon, non precisan da súa participación-). Hai algúns reloxo -poucos- con gnomons moi elaborados, pero no caso dos de Outes son sinxelos. Dos 26 reloxo catalogados só se conservan en 13 (50%). Polas pegadas deixadas na pedra sabemos que no seu momento eran de ferro e con forma triangular. Algúns, ao se oxidaren e caer foron repostos cun material máis duradeiro. **Todos os gnomons que se conservan de Outes (13), antigos e modernos, constan dunha chapa metálica recortada excepto dous, os das igrexas de San Tirso en Cando [imaxe 24] e de San Cosme de Outeiro [imaxe 25], que ofrecen unhas ondulacións decorativas no seu lado inferior.**

LIÑAS HORARIAS NO CUADRANTE

O paso do tempo non só afecta á deterioración e desaparición dos gnomons. A pedra tamén sofre e as liñas horarias desaparecen ou móstranse tan tenues que nalgúns casos é difícil estudar se foron trazadas correctamente ou non. É o que sucede en 8 dos 26 reloxo catalogados en Outes. Dos 18 restantes podemos afirmar que en 12 deles as liñas



Imaxe 24. Reloxo da igrexa de San Tirso en Cando



Imaxe 25. Reloxo da igrexa de San Cosme de Outeiro

horarias foron gravadas correctamente, e son 6 os que presentan un trazo incorrecto. Xa mencionamos o caso máis sanguento, que é o de Matasueiro⁴. Os outros 5 presentan o mesmo defecto: as liñas horarias foron gravadas mantendo unha separación entre elas de 15°, cando iso non é correcto para os reloxo verticais. Para a latitude de Outes (aproximadamente 42°50') as liñas horarias dos reloxo solares verticais cuxo cuadrante mira cara ao sur deben estar separadas respecto da liña das 12 horas (que é a liña vertical trazada desde a base do gnomon) os ángulos indicados na imaxe 26.


Un dos reloxoos que ten mal deseñadas as liñas horarias é o da igrexa de San Xoán de Roo. Na imaxe seguinte [imaxe 27] sobre unha foto remarcáronse en vermello as liñas horarias do reloxo, separadas entre si 15°, e en azul as que corresponderían ao trazado correcto, consonte cos valores da imaxe 26. Aprécianse as diferenzas. Só coinciden ás 6, 12 e 18 horas.

HORA	ÁNGULO (°)
6:00	-90,000
7:00	-69,926
8:00	-51,782
9:00	-36,250
10:00	-22,944
11:00	-11,115
12:00	0,000
13:00	11,115
14:00	22,944
15:00	36,250
16:00	51,782
17:00	69,926
18:00	90,000

NUMERACIÓN DAS HORAS

A numeración das horas que acompañan nos reloxos as liñas horarias tamén se desgastan co paso do tempo. Dos 26 reloxos catalogados en Outes en dez deles non queda rastro de numeración. Dos dezaseis restantes doce ofrecen numeración árábica, un reloxo presenta unha numeración romana (o xa reproducido de Alberto Sacido) ⁵ e tres amosan unha numeración etrusco-romana. Son os situados na capela da Nosa Señora do Carme, o da igrexa de San Tirso e o da igrexa de San Cosme de Outeiro⁶. Nestes tres reloxos o número árábigo 5, en vez de ser

representado coa cifra romana v é simbolizado co símbolo $\wedge$. A explicación aparece no libro varias veces citado *Relojes de sol en el patrimonio construido*. Nel di: “considerando que 5 es la mitad de 10, en la numeración romana para representar el ‘5’ se escoge la parte superior de la equis (V) y en la numeración etrusca se escoge la parte inferior de la equis ($\wedge$)”. Nestes tres reloxo os números 5, 6, 7 e 8 veñen representados como $\wedge$, Λ , III e IIII . Esta curiosidade non é exclusiva desta zona: máis dun 3% dos reloxo catalogados no libro citado presentan esta peculiaridade.



Imaxe 27. Liñas horarias na igrexa de San Xoán de Roo

PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E COLABORACIÓN.

Tendo en conta os máis de 800 reloxos catalogados ata agora na provincia da Coruña, o municipio de Outes, cos seus 26 reloxos solares, ocupa o 4.º lugar entre os municipios con máis reloxos, por detrás só de Porto do Son, Brión e Rois. É unha riqueza patrimonial que debe ser coñecida, valorada e apreciada polos seus habitantes. E para iso cumpre un papel importante o labor educativo entre os e as escolares: a promoción de traballos de campo como o realizado entre os anos 2000 e 2003 coa súa participación para realizar a catalogación do patrimonio histórico-artístico é unha forma de concienciar sobre o tesouro que supón. Sería apropiado tamén animar a construír reloxos de sol nos centros escolares como xa fixeron outros colexios e institutos, traballando así dunha forma didáctica competencias científicas relacionadas coa astronomía.

Con respecto aos cuadrantes sería interesante que organismos oficiais axudasen aos particulares que teñen reloxo nos labores da limpeza destes. Moitas das pedras dos reloxo necesitan ser sometidas a tratamentos antidegradación que combatan os liques, musgo e demais. E os expertos poderían aconsellar un método e desbotar outros, como o uso de hidrolimpadoras, que desgastan a pedra e colaboran na desaparición das liñas horarias. Relacionado con isto último, sería interesante o apoio experto na regravación de liñas horarias, inscricións, adornos, etc.

Támén mencionamos xa a existencia de moitos reloxoos sen gnomon. Sería unha tarefa relativamente sinxela e económica que os organismos oficiais lles prestasen axuda aos propietarios particulares e institucionais de reloxoos no labor de fabricar e colocar correctamente os gnomons.

E, por último, gustaríanos facer un chamamento á colaboración cidadá na localización de novos reloxos. Esta revista podería servir de medio para comunicar e centralizar os novos achados.

Rematamos manifestando a nosa esperanza de que nas páxinas desta revista sexa necesario falar moito máis do tema porque haxa que anunciar que se tomaron as medidas de protección e rehabilitación requiridas máis enriba ou porque se atoparon máis exemplares (por que, se pedimos mil primaveras para o galego, non podemos reivindicalas para os reloxos e toda a nosa riqueza patrimonial?).

¹ Ver revista *Terra de Outes* nº 56. Páx. 14, imaxe 14

² *Ibídem.* Imaxe 12.

³ Ibídem. Imaxe 13.

⁴ Ver revista *Terra de Outes* nº 56. Páx. 15. imaxe 20.

⁵ Ver nota 2.

⁶ Ver revista *Terra de Outes* nº 55. Páx. 17, imaxe 2.

Esas pequenas cousiñas

Cada vez sorprenden máis a inmunidade na que se desenvolven os pequenos trapicheiros locais no mundo da droga neste concello, no que nunca pasa nada... parece ser... Un concello que está libre de toda esa merda mercantil... que por outro lado todo o mundo sabe, escoita, dos locais de ocio nocturno e diúrno no que se leva a cabo toda esa trapallada, e non pasa nada... nada de nada... Debemos de ser todos medio parvos, ou parvos enteiros... pois a cousa non ten trazas de melloría... pois é o que se escoita nos bares...

As cacicadas dos vellos tapando os novos descontrolados e soberbios que o teñen todo e pensan que poden facer o que lles dea a gana, inmunes, mais non é de todo certo... xa que os vellos morren e aí quedan medio desamparados... con pouca escola ao seu lombo...

Que máis?... A chapuza coa obra na Ponte Nafonso, ou a inundación prevista de aeroxeneradores nos nosos montes, ata quedar completos; iso si, a luz págala ou córtancha, ou peor: danlle á xentiña a escoller entre comer e quentarse, morrer de fame ou de frío... como antano.

Nestes últimos días vese carteleira nova, e xa ía sendo horiña, algúns indicadores xa non tiñan texto, todo fai falta, pero tamén vemos algúns deses carteis noviños con gamallada ao lado que case dificulta a súa lectura... Hai que reivindicar o uso do fouciño, pois que traballo daría despois de colocalos despexar as silvas e maila maleza para unha correcta visión?

Tamén falan dos axentes municipais, porque os actos vandálicos suceden e as consecuencias son máis que gratuítas para os que as fan, xentiña con pouca escola e gana de facer mal... Mais o seu traballo é bo de levar, con horario flexible, vestidiños e engalanados, e non cremos que acaben a xornada moi cansos, pola súa labor que realizan diariamente, ou así lle parece á maioría dos cidadáns, e ao parecer ás veces comentan o tempo que lles queda para o retiro... E así non se pode ir traballar, sempre pensando no descanso gratificado... e merecido?? Deixa andar...

En fin, por esta xa queda así, esperando novidades!!

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Vandalismo gratuito?

ASÍ TAMPOUCO ...



Chafulladas no arame.

NIN DE COÑA ...



E os "Locais" andarían ocupados... supoñemos!!

GASTRONOMÍA

MEXILLÓNS Á PEMENTA

Ingredientes:

3-4 kg de mexillóns, 1-2 cebolas, 1 bo tomate, 2 dentes de allo, un vaso de viño branco, pementa branca e aceite de oliva.

Preparación:

De primeiras os mexillóns, despois de limpálos un pouco, abrímoslos nun tacho con tres dedos de auga. Xa cocidos, sacámoslles as barbas (o biso e o pé) e ímoslos poñendo nun cunco á parte.

De seguido, nunha tixola con dous chopos de aceite de oliva vai o allo ben picadiño, e cando empece a dourarse engadímoslle tamén a cebola picada, remexendo de cando en vez para que non se queime, sempre pendentes de que se vaia rustrindo pouco a pouco.

Cando xa estea douradiña —mais non queimada— é o momento de sumarlle o tomate tamén picadiño, pois debido á cantidade de auga deste baixaralle a temperatura ao mesturado. A lume forte seguiremos remexendo ata que vexamos unha textura lograda, pois chega a hora de aumentar a ecuación da receita cos mexillóns e o viño branco —neste caso un pouco fervido— e dándolle un punto de alegría ao prato da man da pementa branca.

Xa rematando só quedaría probar e rectificar segundo o gusto... e bo proveito!

Julia Seijo



LECTURAS RECOMENDADAS

DIARIO DUN CONFINAMENTO

Xosé Carlos Carracedo Porto
Bolanda Edicións, 2021



Podemos entender o diario literario como a narración de vivencias anotadas día a día. Xosé Carlos Carracedo Porto decide escribir o seu diario nun contexto histórico que lle tocou (e nos tocou) vivir, como foi o período do confinamento provocado pola Covid.

Este diario escrito en primeira persoa e ordenado por días convértese nun relato íntimo e persoal, nunha autobiografía concretada en 405 días de encerro a carón da súa parella nun piso de Santiago de Compostela.

Parecería que a lectura deste fermoso libro puidese provocar desasosiego ou tristura debido ao período “negro” que viviu a poboación mundial en 2020, pero non é así. O diario está narrado nunha prosa poética onde as reflexións cotiás están relatadas de xeito sensible e moi emotivo. Sensacións e sentimentos de nostalgia, evocación recorrente aos recordos, aos soños; desexos de liberdade, medo ao que pasa e poida pasar, o amor... sentimentos que os e as lectoras recoñecemos e compartimos. Deste xeito xérase un acercamento empático e inevitable co autor. Nos días que se suceden e se narran, Xosé Carlos mostra paixón pola natureza. Evoca plantas (mesmo cultiva amorodos en tarro), gatos, lagartas, rulas, parrulos, moscas, o sol, a lúa, o mar e a praia (de Carnota), carballos... un incesante canto á natureza como exemplo de vida enfrontándose ao encerro. Todos estes elementos son unha ventá aberta para axudarnos a fuxir do encerro, unha ventá liberadora para a evasión.

Xosé Carlos Carracedo na primeira folla do libro mostra o seu agradecemento aos seus avós, Pepe, María, Carme e Manolo. A avoa Carme. Eu fun amiga de Carme, e ademais de amiga tamén me declaro admiradora dunha muller loitadora, xenerosa, alegre e valente. O seu neto e autor deste diario fala dela e recórdala con admiración preocupado pola situación de soidade en que se atopa, pero sabendo tamén da fortaleza desta muller que o marcou dende a infancia. A elegancia do autor nos parágrafos nos cales cita a Carme son para min dunha intensidade emotiva moi grande, de sensibilidade e tenrura, que seguramente calquera que teña a ben ler este libro que hoxe recomendo tamén percibirá.

Por último quero destacar as ilustracións que acompañan o texto, obra de Nuria Filgueira. Debuxos que enriquecen o texto, “convivindo” día a día na travesía dun encerro obrigado da nosa historia recente.


Diario dun confinamento é un libro interesante no presente pero tamén o vai ser no futuro, onde co paso do tempo a súa relectura nos traerá os recordos dun tempo difícil, contados con poesía.

LIDIA VICENTE

DÍA DA LECTURA.

Nacemento de NEIRA VILAS, 3 de novembro

Pilar Sampedro



Por primeira vez, neste 2021 aparece unha nova data para celebrar no Calendario do Libro e da Lectura, trátase do Día do Lector/a. Nacemento de Xosé Neira Vilas, o 3 de novembro.

Despois do 30 de xaneiro, Día da Ilustración, que coincide co nacemento de Castelao; o 17 de decembro, Día da Edición, cadrandoo co nacemento de Ánxel Casal; o 1 de abril, Día da Arte Galega, que casa co nacemento do Mestre Mateo... chega o Día da Lectora ou do Lector, tal como anunciabamos.

É certo que seguramente tiñamos preferido a denominación Día da Lectura, para evitar esa barra e repetición á que obriga a recollida do feminino ao lado do masculino, pero estamos felices de ver que se recoñece o papel deste autor na creación de lectorado en galego, especialmente a través do seu libro *Memorias dun neno labrego*.

Esta obra forma parte do noso imaxinario de tal maneira que o seu principio ("Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Como quen di un ninguén. E ademais, pobre...") funciona coma o do Quijote ("En un lugar de la Mancha de cuyo nombre no quiero acordarme...") a modo de ensalmo, presentación ou cita, algo que nos define e co que nos identificamos porque todos (todas) fomos nenos (nenas), a pobreza e a aldea tócanos na pel da lama, sabémonos anónimos e anónimas, "ninguéns". Un comezo que se repite unha e outra vez e que aparece escrito na parede do auditorio da Biblioteca de Galicia na Cidade da Cultura, xustamente na sala que recibe o nome de Neira Vilas.

Poucos autores nos deron tanto que ler, oitenta e sete anos exercendo de xornaleiro da escrita, traballando na narrativa, na poesía e no ensaio; na literatura para maiores e na destinada á infancia; abrindo as portas á memoria histórica en *Aqueles anos do Moncho*, creando o ciclo do neno cos dous libros citados e *Cartas a Lelo*; cronista do seu tempo, elaborando a memoria da emigración; inaugurando a primeira biblioteca a un autor vivo na editorial Galaxia (a biblioteca Neira Vilas); asumindo ser un clásico en activo

que percorre escolas e bibliotecas para dar noticia de verdades tan básicas como que somos ricos porque temos unha lingua propia (e hai moitos outros países do mundo que, a pesar de ser moi grandes, non a teñen, como os Estados Unidos, o Brasil, a Arxentina, Mozambique...), mantendo o compromiso de seguir escribindo na vellez porque o facía en galego, orgulloso de que os seus libros se traducisen a moitas linguas porque alí a onde chegasen saberían que fora escrito neste idioma romance que se fala no noroeste da península Ibérica... Neira Vilas merecía este recoñecemento, ninguén o pode poñer en dúbida; situalo na Calendario do Libro e da Lectura é un acto de xustiza.

Este Calendario do Libro e da Lectura que nace da Mesa e da Lei do Libro tenta recoller os días imprescindibles: o das librarías, o das bibliotecas, o das editoras, o dos arquivos, o do libro (en xeral) e o do libro infantil, o do teatro, o da poesía, o da narración oral, o dos museos, o das artes galegas, o da lingua materna, o da tradución, o da ilustración, o da propiedade intelectual, o das Letras Galegas... o de Rosalía. Nalgún caso trátase de celebrar a semana (ás veces a de narración oral) e o mes, como sucede con novembro: mes da ciencia en galego nas bibliotecas. Datas que colocan no lado iluminado da realidade a nosa lingua e cultura, o noso patrimonio e comercio do saber, para que continúe a ser recoñecido e valorado. Un calendario que as institucións conmemoran e as escolas festexan ao traballar as datas con toda a alegría e consideración da que son dignas, cunhas doses de creatividade e imaxinación que sempre superan as expectativas. E iso farán co día da lectura, non cabe a menor dúbida.

Porque ler custa máis traballo que mirar; xustamente porque implica un esforzo, debemos promovelos. **Fomentar a lectura. Traballar a favor dela, para que a rapazada e todos/as descubran o pracer que encerra (esa maneira de vivir as vidas que non están ao alcance da man, de realizar as viaxes que nunca poderíamos facer, de soñar con mundos imaxinarios... pero tamén informarnos**

do que sucede, ver o resultado das últimas investigacións, vivir a aventura do coñecer e o saber –ao tempo que reflexionamos e imos sacando conclusións–) para que acaben adquirindo o hábito lector (convertendo en costume a lectura dos xornais e revistas, de libros de ficción ou de coñecemento; que o propio acto de ler se transforme nesa rutina que se realiza case inconscientemente). Construír unha sociedade lectora que pense antes de actuar, que non se deixe levar polas mentiras, que sexa crítica co que se lle conte e actúe con responsabilidade. Talvez a mellor demostración de que a lectura está enraizada na sociedade e co nivel de competencia apropiado sexa o exercicio do voto, esa papeleta que se introduce na urna sabendo perfectamente o que significa en canto á situación dos servizos públicos, os impostos que hai que pagar

por cada unha de nós, os dereitos e os deberes que se derivan, os valores que leva implícito... Daquela, poderemos falar de liberdade, da soberanía de cadaquén para escoller a sociedade que se quere edificar, a que convén para o futuro que queremos legar aos que nos sucedan.

O día da lectura cómpre ler, facelo en voz alta para que se nos oia e que todo o mundo saiba que iso é bo, necesario, imprescindible. Porque ler é tan básico, nesta sociedade, como comer. Por iso nunca entenderemos que alguén se xustifique dicindo que o fillo ou a alumna non gusta da lectura, por iso preguntamos: E comer? Gústalle comer? E se non lle gusta, que fas? Actúas como se non lle gustasen as lámboadas e polo tanto non llas das? Actúas como se non lle gustase falar e tomaríalo por mudo? Actúas como se non lle gustase vestirse e mándalo ao mundo en coiros?

Si, ler é o exercicio que mantén vivo o cerebro, o sangue dos nosos pensamentos, as alas da liberdade, o alimento dos nosos soños. Ler é preciso, en todo momen-


to e lugar, e hoxe, aquí, máis ca nunca. Por iso o 3 de novembro lembraremos que ese día naceu Neira Vilas e leremos, en galego, *Memorias dun neno labrego*.

O calendario do Libro e da Lectura naceu da Mesa do Libro, daquelas reunións nas que os diferentes sectores relacionados con estes campos foron achegando os seus coñecementos, a súa experiencia e a ilusión por un futuro no que a lectura e o libro tivesen un lugar fulcral. De aí naceu a Lei do Libro e de aí foron quedando cousas polo camiño... pero o calendario púxose en pé e foron aparecendo as datas sinaladas, cada mes coas súas. Tentábase recoller os días imprescindibles: o das librarías, o das bibliotecas, o das editoras, o dos arquivos, o do libro, o do libro infantil, o do teatro, o da poesía, o da narración oral, o dos museos, o das artes galegas, o da lingua materna, o da tradución, o da ilustración, o da propiedade intelectual, o das Letras Galegas, o de Rosalía. Vanse engadindo, porque o calendario ha de ir evolucionando, conservando as datas indispensables pero sumando as propias do ano, coma os centenarios (de Concepción Arenal no 2020 ou de Emilia Pardo Bazán no 2021). Nalgún caso trátase de cele-

brar a semana (ás veces a de narración oral) e o mes, como sucede con novembro: mes da ciencia en galego nas bibliotecas. Acaba de facerse público o calendario do Libro e da Lectura 2021, cunha imaxe de Javi Montes, na que unha moza camiñante leva sobre a mochila a biblioteca que a acompaña. Como dixemos, ao lado do Día da Ilustración (conmemorando o nacemento de Castelao), o Día da Edición (no nacemento de Ánxel Casal), aparece por primeira vez o Día do Lector/a (coincidindo co nacemento de Neira Vilas). É unha boa nova porque *Memorias dun neno labrego* segue a ser un libro con múltiples edicións dentro do noso sistema editorial, con moitas vendas pero sobre todo con moitos lectores e lectoras, dentro da nosa lingua e vertido a outras. Non podemos esquecer

que, pasada a moda de negación do rural, hai que volver a el, revisalo, lembralo para saber de onde vimos e para iso contamos con esta testemuña de luxo. Ademais, esta novela non só trae o coñecemento etnográfico e costumista (no mellor dos sentidos) senón tamén a rebelión dese rapaz que un día decidiu enfrontarse á inxustiza cunha pedra (o que tiña á man), fíxoo coma un David, disposto a non consentir outro oprobio e coa denuncia do asoballamento de clase mostrounos tamén aquel outro de ter unha lingua que non podía entrar na escola. Cada un, cada unha de nós, pode lembrar o que lle removeu a lectura de *Memorias dun neno labrego*, tal como fan os bos libros, que nos tocan cunha pluma na alma e queda aí aberta a ferida. Aberta porque nos esperta, botando abaixo o veo da alienación, facéndonos ver o que non estaba á vista, deixándonos unha marca, unha descuberta que xa non podemos borrar. Porque aínda que non fomos labregos nin caseiros, porque aínda que sexamos mulleres e da costa,

todos e todas sabemos de inxustizas e tivemos momentos nos que nos sentimos a punto de comezar unhas memorias para liberarnos. Aí está a riqueza de Neira Vilas, en sabernos contar con sinxeleza que a nosa dor era compartida, que non estabamos soas e, polo tanto, hai unha posibilidade de saír dese labirinto. Débese ter en conta toda a obra deste escritor que morreu traballando (pois, como el ben dixo, era un xornaleiro da escritura) pero sempre hai un lume que destaca na produción dun autor e no seu caso, *Memorias* acode con luz propia. Ese libro do que pode falar moita xente do país, como fixo Miguel Anxo Murado ao recoller o Pedrón de Ouro lembrando as tardes nas que seu pai llo lía a el e a seu irmán. Ese libro que fixemos noso ata o punto de definírnos co seu comezo, como fixo Agustín Agra cando o chamaron de Xerais para notificarlle que ganara o Merlín (co seu primeiro libro) e á pregunta de Bragado acerca de quen era, el respondeu: "Eu son Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén". O Día do Lector/a acáelle porque nos deu de ler e porque seguiremos lendo e recordándoo ese día... tal e como corresponde: lendo.



O MEU TÍO XABIER

Manel Monteagudo

Meu tío, no momento que te coñecín déchesme unha impresión que roldaba a mágoa e o medo. Pero ao transcorrer o tempo fun coñecéndote mellor, non porque ti te deses a coñecer, senón polo que me contaban sobre ti. O por que quedaras así, encerrado no teu mundo, soamente obedecendo as ordes do teu irmán que se fixera cargo de ti.

Eras un home con sesenta e cinco anos de idade, malia que ninguén podería asegurar que tiñas eses anos, posto que a pel fina e moi branca que amosaba a túa faciana dábache a imaxe dunha persoa moito máis nova.

Vivías na aldea onde naciches, ías de aquí para alá, cortando leña, carrexando auga para os animais, botábaslles grans de maízo ás galiñas, facías o que che daba a gana.

Un día, o teu irmán morreu e ti quedaches só naquela casa. Ninguén quería terte, ninguén sabía que facer contigo, eras un vello autista, non sabías comer con cubertos, nunca utilizaras un cuarto de baño digno dunha persoa, eras un animalíño salvaxe no medio do campo.

E así chegaches á miña vida, eras o tío máis novo que tiña. Non podía deixar-te só, alí, na aldea. Tróuxente a vivir á vila comigo, feito ao que che custou moito poder adaptarte, e a min, acostumar-me a ti, aprenderche, adestrarte na vida cotiá, pero non como un animalíño, senón como persoa que es.

Lembro cando che mandei sentar á mesa e che puxen os cubertos, ti agarraches

o prato e coas mans comezaches a comer, díxenche que non o fixeses dese xeito e que comeses co garfo, a túa reacción foi tirar co prato ao chan ao tempo que te erguías da cadeira para marchar. Nese intre armeime de paciencia e servínche outro prato de comida, sentei-me ao teu carón e deiche a comida co garfo, ti limitácheste a comer sen dicir nin unha palabra, aprendínche como a un neno cando comeza a comer.

Para bañarte e, aprenderche a utilizar o cuarto de baño tamén foi unha loita, espíaste en calquera parte onde atopabas unha billa, iso si, encantábache mollarte.

Pouco a pouco comezaches a utilizar os cubertos, a durmir na cama (adoitabas facelo na alfombra) e sobre todo a utilizar o cuarto de baño, que cada vez que entrabas eu estaba ao lado da porta para limpar rapidamente o asolagamento que provocabas.

Pasaron os meses e metínche nunha residencia para anciáns. Alí ía visitarte acotío, porque escapabas tódalas noites procurándome. Ata que te acostumaches.

Aprendemos a entendernos coa mirada, unha mirada seria miña

era sinal de que estaba anoxado e que ti entendías perfectamente, unha mirada túa triste era para min sinal de que algo che pasaba, e así, mirada tras mirada nós entendíamos.

Os médicos fixéronche unha avaliación e diagnosticáronche autismo, ao cal eu díxenlles que non podía ser, xa que ti me recoñecías e obedecías, soamente me escoitabas a min. Aínda que nunca me dixeches máis que tres frases: “si, non, está ben”.

Unha mañá cando cheguei a visitarte atopeite metido na cama, cousa que me estrañou moito, posto que ti acostumabas erguer-te moi cedo.

Que era o que che sucedía?

Non tendo unha resposta certa, inciteiche a erguer-te, saqueiche a roupa da cama e cal grande foi a miña sorpresa, a túa cadeira estaba inchada e azul. Chamei a berros as enfermeiras e preguntéille que che ocorrera. A resposta foi que caeras no cuarto de baño e que non sabían como ocorrera. Daquela preguntéille, con moito sarcasmo, se tiñan por norma non preocuparse cando un

interno caía. A resposta que me deron amais de non convencerme fixo que me anoxase de verdade, aí foi cando as ameacei, feito este que deu o resultado que pretendía, xa que axiña se puxeron cos preparativos para enviarte a un hospital da cidade para curarte. Cando chegamos ao devandito hospital os médicos avaliáronte, estivesches sete días internado, o diagnóstico foi que nunca máis volverías camiñar.

Tróuxente novamente á residencia e comecei a miña loita, a túa loita... Eras incapaz de amosar dor... de pedir auga ou comida.

Eu comecei un camiñar cada dúas horas, da casa á residencia, para darche o almorzo, o xantar, a merenda e a cea.

Pasaron os meses e como todo ser vivente canseime, decidín coller uns días de descanso e deixei-te ao coidado das enfermeiras. Volvín aos cinco días porque me avisaron de que estabas morrendo.

Cheguei ao teu leito de morte, observeite, eras un pequeno home que non podía recoñecer-me, recostei-me ao teu lado e comecei a rezar. Estando cheo de dor colléchesme a man, procuraches os meus ollos e ambos comezamos a chorar.

Abraíástesme cunha nova frase, “Volviches, Manel”. Chorei de lедicia e de dor. En case corenta anos non pronunciaras máis que tres palabras e agora abraíástesme cunha frase nova, tampouco pensei que sabías o meu sobrenome.

Decateime de que me querías, aníñácheste no meu peito, arroleite suavemente e durmiches para sempre.



Hoxe, a unha semana da túa morte, estráñote, a miña vida flore-
ceu porque me deixaches cheo de amor, dese amor puro, sincero,
profundo e eterno, do que non pide nada en troco, que soamente
persoas coa alma limpa coma ti poden ter.

Comprendín que o meu paso nesta vida non foi en van, e que teño
un anxo no ceo que agarda por min.

Querido tío Xabier, pasaches pola miña vida, silencioso, obedien-
te, pero moi observador, ao que de autista, ao meu entender, non
tiñas nada.

Lembrareite sempre... meu pequeno elo ao ceo.



COMO ERAMOS

Empezarei recordando que o pobo galego sempre mantivo un (como
chamarlle?) comercio coa morte, e aí tamén unha vea sarcástica e hu-
morística á vez... Levámolo no ADN emocional e así o transmitimos
case coma un acto reflexo, o de sentir a morte dun xeito individual,
reflexivo, cun toque case romántico no feito de abandonalo todo... en si.
Os pactos da vida... nun tempo que non voltará.

Unha vivencia máxica, limitando coa relixiosa, dos mundos, dos tra-
ballos e mesmo das horas, e dos folgos tamén... por moito que se in-
tenten disimular as desgrazas ou a sorte fortuna, dan fe mirando para
as caras, oíndo os acentos ou mesmo a fachada que amosan cara a
fóra...

Tamén nos decatamos desa economía pechada que denota a vida
na aldea, mesmo a feira como referente nunha economía de troco e
comercio primeiro...

A relación do home e os animais, maioritariamente o gando, coma se
dun pacto entre os dous se tratase, sempre moi noso... Toda unha vida
chea de pactos, con Deus e co Demo, sempre cos santos polo medio...
O galego sempre moi apegado á terra, aos animais, a ese profundo
sentimento da terriña, a casiña, os vellos, os novos, a un futuro incerto,
máis ben pobre, famento e calado.

Os pequenos dormen o seu sono inocente, ao lonxe case se poden
escoitar os cantares dos carros, acompañados polo repenique das
campás dando sinais de tristura, de moita tristura... e bágoas, moitas
bágoas. Así o recordo...

Xastre



PRÓXIMOS ACTOS

EXPOSICIÓN "Galiza, un Pobo, unha selección"

O sábado día 5 de febreiro ás 12, a Asociación Cul-
tural "TERRA DE OUTES", vai inaugurar na Casa de
Cultura da Serra unha mostra sobre seleccións gale-
gas en todos os deportes, coa finalidade de promover
o dereito dos e das nosas deportistas a participar a
nivel oficial e internacional baixo a bandeira gale-
ga, así como a necesidade de galeguizar o deporte
e impulsar a igualdade de xénero. No acto estarán
presentes Anxo Louzao, coordinador da campaña na
que se inscribe esta exposición, Jano Sanmartín, se-
leccionador galego de fútbol gaélico e Xoán Mariño,
presidente da asociación organizadora.

A continuación, no salón de actos proxectarase un
documental no que recoñecidos deportistas galegos
e galegas expoñerán a súa opinión sobre a necesi-
dade de selección que nos representen.



Viaxe literaria pola bisbarra

Alumnado de 4º ESO do IES Poeta Añón



Cambados

Debido á situación Covid levabamos dous cursos sen facer unha saída extraescolar e por iso, cando desde o departamento de Lingua Galega nos propuxeron unha viaxe recibimos a noticia con ilusión, non tanto polo que iamos ver senón porque, por fin, tiñamos unha excursión e todo o alumnado de 4º ESO, sen quedar un, participou nesta actividade. E así foi que o día 28 de outubro do 2021 tivemos a nosa primeira saída co instituto despois de dous anos.

Segundo nos explicaron, a actividade era unha iniciativa da asociación Terra de Outes que está intentando recuperar e poñer en valor a casa natal de Francisco Añón, por iso fomos ver como noutros lugares aproveitaron espazos similares para dar a coñecer as figuras ilustres dos seus concellos. Neste caso, en concreto, a visita centrouse nas figuras de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Rafael Dieste, Manuel Antonio e Castelao, de aí que nos achegásemos a Padrón, Cambados e Rianxo.

Adormecidos polo sono, e polo esforzo de facer un exame xusto antes da partida (din que hai que aproveitar ben todo o tempo), saímos en autobús cara a Padrón ás 9:15h da mañá para chegar alí ás 10:00h, que é a hora que abre as súas portas esta casa-museo. Na porta, aguantando o frío que ía alí e tal como estaba previsto, esperábanos Pepe Barro, quen sería o noso guía en Padrón e Cambados. Antes de entrar puidemos apreciar as árbores e o xardín que rodea a casa e que, segundo nos dixo o guía, cando vivían Rosalía e a súa familia, non era tal, senón unha horta que cultivaban. Ademais, falounos de que en realidade o domicilio

nunca fora deles por completo, xa que era unha casa alugada, algo lóxico debido á constante mudanza da familia. Foi un amigo o que os aconsellou elixir esa casa, dado que se atopa moi cerca das vías do tren e así Manuel Murguía, marido de Rosalía, podía coller o tren dunha maneira cómoda e rápida cando necesitaba desprazarse a Madrid por mor do traballo. No interior (que se atopa reformado debido á existencia de soportes para cadros, vitrinas, luces, pantallas...) atopamos primeiro coa recepción onde, ademais da venda de entradas, podes adquirir obxectos alusivos á figura da escritora: camisetas, chaveiros, lapis... Nós só paramos o necesario para adquirir entrada sen comprar ningún obxecto de recordo. Xa no interior están expostos utensilios semellantes aos que a familia empregaba na cociña; distintas edicións das obras da escritora, así como follas soltas dos propios poemarios; a primeira bandeira de Galicia e cadros diversos, algún deles obra do seu único fillo varón. Tamén hai unha adaptación dun vestido similar ao que ten Rosalía nunha das fotos que se conservan dela. Segundo nos dixo, nesa sala na que se atopa o vestido realízanse recitais de música na época de Nadal nos que as prazas de acceso están limitadas a 20 persoas.

Diremos que na sala dedicada á obra de Rosalía hai unha animación dun libro pasando follas do que saen poemas escritos por ela e, de fondo, a música que outros artistas puxeron á súa poesía.

O cuarto máis sorprendente quizais sexa o dormitorio de Rosalía; alí, enriba da colcha branca da cama, estaba a camelia que renovan todos os días e un guecho do seu cabelo nunha vitrina. Ex-

plicáronnos que fora nese leito onde falecera e que lle dicía moitas veces a unha filla, cando xa estaba enferma, que abriera as contras das ventás, que quería ver o mar; en realidade o que podía ver non era o mar, senón o río.

Rematada a visita á casa-museo de Rosalía, collemos camiño de Cambados para coñecer a casa na que nacera e se criara Cabanillas. Era unha casa pequena á que non se pode acceder por ser propiedade privada, polo que, logo desta aclaración do guía e outra información da súa vida (como que ao ser fillo de solteira o pai tivo que recoñecelo para poder entrar a estudar no seminario), dirixímonos ao museo que está cerca da vivenda. Trátase neste caso dunha construción renovada e moderna, de feito leva só desde comezos deste ano aberto ao público. **As salas centradas no autor están rodeadas de vitrinas que conteñen obras e outros obxectos curiosos, como a carapucha coa que foi bautizado e unha máscara fúnebre. É orixinal a dinámica de proxectar palabras importantes para el na mesa onde escribía.** Logo da foto de grupo diante do museo de Cabanillas (aí foi cando nos demos de conta que non o fixeramos na casa de Rosalía) volvemos para Padrón a deixar o guía que nos acompañara e collemos rumbo do terceiro destino: Rianxo.

No porto Setefogas xa estaba o segundo guía da xornada, Fran, técnico de Turismo do Concello, que nos acompañou á Aula Activa do Mar, un espazo que o Concello nos facilitou para poder comer ao resguardo da choiva, que tanto anunciaran e que en breve chegaría. A sala na que xantamos, de teito baixo e un pouco abafante para algún, era unha especie de aula de xadrez, o que permitiu que un par de rapaces botara unha partidiña mentres xantaba.

Rematada a hora de comer xa veu de novo o guía que nos levou pola zona emblemática de Rianxo: a praza de Castelao e ermida da Guadalupe, coñecidas pola famosa festa da Rianxeira; as casas de Castelao, Manuel Antonio e Rafael Dieste (chama a atención a parede lateral desta casa, que está cuberta de cunchas planas de vieira e que, polo que nos explicou o guía, evitan que esgace a parede ademais de protexer da humidade o interior); as tres casas están moi próximas na mesma rúa (a de Castelao é propiedade privada e non se pode visitar; as outras dúas estaban pechadas polo horario ou por estar en obras no caso da de Manuel Antonio, de xeito que non accedemos ao seu interior); ensinounos unha fonte que se atopa no medio dun cruzamento de camiños podendo apreciar unha zona de cristal para ver o paso da auga; unha rúa na que tiveron que demoler un arco dun edificio xa que dificultaba o paso dos automóviles a igrexa de santa Comba, patroa de Rianxo (aínda que todos pensan que a patroa é a Guadalupe) e na que chaman a atención a serie de ménsulas que parecen que fan burla da xente polas poses que teñen (sorprendentemente, unha delas representa un home ensinando o cu); contounos tamén o guía que á entrada de Rianxo houbo un castelo do que non queda ningún resto logo de ser derruído na Revolta dos irmandiños e que os poucos restos conservados foran empregados para o campanario desta igrexa que estabamos a ver. Ao longo do percorrido tamén puidemos ver unha escultura da lancha xeiteira Manuela; trátase dunha peza feita en bronce con 12 remos en posición vertical en sinal de triunfo, pois con esta embarcación os rianxeiros gañaron varias veces as regatas nas que competían coas localidades veciñas.

Xa tiñamos a lección aprendida de antes e aquí tamén fixemos a foto de grupo, pois nunca está de máis para o recordo.

Aínda que dispoñíamos de máis tempo, a chuvia fixo que aceleráramos a visita, facendo unha pequena entrada no Museo do Mar que consta de varias plantas: no primeiro andar atópanse maquetas e ferramentas que empregaban os carpinteiros de ribeira na construción de barcos e unha biblioteca con temática do mar; na planta baixa hai unha sala expositiva acerca da realidade do mar e, por último, no soto créase un taller tradicional de pequenas embarcacións con paneis explicativos. Visto isto rapidamente e coa chuvia a caer con forza, dirixímonos correndo cara ao autobús, que xa estaba agardando por nós no porto.

Aínda aproveitamos a viaxe de volta en algo fundamental nunha excursión: escoitar música da que nos gusta a nós e cantar con maior ou menor acerto.

A verdade é que a viaxe resultou moi entretida; foi unha experiencia nova, xa que nunca antes realizáramos unha excursión escolar dese tipo, é dicir, visitando varios sitios como se fose un *tour* acompañado dunha explicación en relación cos diferentes lugares. Era como ir escoitando unha historia mentres coñecías diferentes puntos de Galicia próximos pero que nunca visitáramos dese xeito.

Agora xa só nos queda darlle as grazas á asociación Terra de Outes pola invitación e desexarlle toda a sorte no seu intento de recuperar a casa natal de Añón porque, despois do que vimos noutros concellos, cremos que Outes está á altura de calquera deles e un poeta do valor de Francisco Añón ben merece unha casa-museo.

Grazas e sorte!!!



Rianxo

Añón, secretario dun lord inglés (X)

Ramón Blanco

Empezabamos esta serie hai xa máis de dous anos, mesmo antes da advinda desta peste que asolaga o mundo e terá aínda máis entregas ca as que nós fomos ofrecendo (sen imaxinar daquela que sobrepasaríamos o terceiro artigo) sobre a teima do lord de marras. Entrementres Boris Johnson pouco ou nada mudou os seus costumes: cada poucos días publicanse probas da súa participación en varias festas ilícitas en Downing Street nos períodos de maiores restricións e incluso engadiu outra filla máis á súa xa extensa prole (lémbrese que aínda fora pai hai pouco máis de ano e medio). As artes que non hai na política para acabar coa pandemia si inspirarán os aniquiladores prestos a usurparlle a Bojo a coroa de loureiro (algúns agardan pacientemente no ventre

dos tempos modernos. Navegando entre as estirpes diplomáticas e políticas dalgúns nobres británicos viñemos dar co tratamento de “esquire” (abreviado esq.), título non oficial e de pouco rango para o que chamariamos aquí “escudeiro”, mais que será importante para a última das nosas teorías. Dous libros de xenealoxía e heráldica británica, escritos no século XIX, aos que accedemos na rede, bótannos luz sobre algún “Esq. of Shawford House”, en alusión a membros da familia Mildmay, orixinaria de Moulsham (Essex). O primeiro que vemos nomeado co dito título é Carew Hervey Mildmay, falecido en 1780 ou 1784. Sobriño del é Carew Mildmay, tamén “escudeiro da casa Shawford”, algo máis próximo á época na que debería moverse o noso lord. Mais

para dar de cheo na época hai que chegar ao cruzamento familiar dos Mildmay cos St. John: Jane Mildmay, filla de Carew Mildmay e sobriña neta do tamén mentado Carew Hervey Mildmay, casou con Sir Henry Paulet St. John. Constituía este a terceira xeración que ostentaba o título de baronete (realmente non corresponde á nobreza, e forzosamente non podería ser membro da cámara dos lords, mais a súa familia ocupou postos en diversas épocas na cámara dos comúns) e adoptaría o apelido e as armas dos Mildmay para a saga familiar. Fillo deste matrimonio é o cuarto baronete, Sir Henry-Carew St. John-Mildmay (1787-1848). Aínda que non volvemos ver a referencia aos escudeiros da casa Shawford, estamos de facto ante a unión das respectivas posesións de Dogmersfield e Shawford, edificacións que aínda hoxe se manteñen en pé, e que foron logo habitadas polos Mildmay. A Dogmersfield House foi rematada en 1729 por Sir Paulet St. John, o primeiro baronete da estirpe. A Shawford House erixiuna Sir Henry Mildmay en 1685, e pertenceu a esta familia até 1857. Ambas están situadas no condado

de Hampshire, e distan entre si menos dunha hora en coche. A casa Shawford está en Winchester, concretamente en Twyford, precisamente a menos de dous quilómetros desde a estación de tren de Shawford. Curiosamente atopamos, por outras fontes, unha Jane St. John-Mildmay, quen vendeu terreos para o paso do ferrocarril a mediados do século XIX.

Chegados a este punto, con algo de adiamento para quen nos lea mais con outro tanto de atraso para quen (pacientemente) nos edita, imos pondo fin a este tramo, cando xa só nos queda unha estación para rematar o traxecto que nos podía levar (talvez aconteza noutro universo paralelo) á identidade do compañeiro de viaxe do poeta Añón. Xa levamos dous anos, mais non se queixen, pouco queda... Máis tardará en rematar a pandemia, máis tardaremos padecendo líderes coma Boris Johnson e máis tardou en chegar a Ourense a primeira locomotora (AVE!).



Shawford House, por C S Warren, 2011

de madeira do seu propio partido, ocupando o sitio que deixou el cando fora Ulises, e cando Troia fora Theresa May). **Saber tanto grego para que, pensará mentres a variante Ómicron (ὀμικρόν no seu maxín) arrasa os dirixentes europeos no taboleiro de xadrez, coma se fose unha partida contra a propia morte.** Tanto grego para que se tanto cambian as regras do xogo que mesmo a OMS fai un gambito e salta dúas letras para nomear a nova variante que nos ten en xaque, oh tempos revoltos, para non confundir os anglosaxóns nin ofender os asiáticos. Que falta de consideración con este gran heraldo da morte, santo da cabeleira dourada, aquel que vaticinara os efectos da pandemia sen enredarse en covardías diplomáticas.

Que diferentes nós, que nos enredamos sen solución en datas, nomes, lugares... para volver ao punto de partida, cal un Sísifo